

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN**

RESOLUCIÓN do 29 de decembro de 2023 pola que se modifica a Resolución do 23 de xuño de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas para a iniciativa Fábrica intelixente e sustentable, orientada a proxectos de investigación industrial, desenvolvemento experimental e innovación centrados en tecnoloxías industriais innovadoras para apoiar as empresas na súa transición industrial, en liña coas prioridades europeas en materia de dixitalización e pacto verde, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento IN854A)

O 6 de xullo de 2023 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* núm. 128 a Resolución do 23 de xuño de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas para a iniciativa Fábrica intelixente e sustentable, orientada a proxectos de investigación industrial, desenvolvemento experimental e innovación centrados en tecnoloxías industriais innovadoras para apoiar as empresas na súa transición industrial, en liña coas prioridades europeas en materia de dixitalización e pacto verde, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento IN854A).

O artigo 35 das bases reguladoras, relativo á xustificación da subvención, establece no punto 2 os seguintes prazos para ter dereito ao pagamento da axuda: o prazo de execución da primeira anualidade, isto é, o prazo de emisión das facturas (realización de gastos) e realización de pagamentos dos gastos executados é desde a data de presentación da solicitude ata o 30 de novembro de 2023. O prazo de xustificación da primeira anualidade, isto é, o prazo para a presentación da documentación, é o 15 de decembro de 2023.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes o día 2 de outubro de 2023, comprobouse que o número de solicitudes recibidas superaba considerablemente as previsións, de tal modo que imposibilita resolver a convocatoria antes dos prazos de xustificación da primeira anualidade.

Polo tanto, procede modificar os prazos de execución e xustificación das anualidades e anular os créditos correspondentes á anualidade 2023 e transferilos á anualidade 2024.



Consecuentemente con todo o anterior, a directora da Axencia Galega de Innovación, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 17.3 do Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación,

DISPÓN:

Artigo primeiro. *Modificación da Resolución do 23 de xuño de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a iniciativa Fábrica intelixente e sustentable e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento IN854A)*

Un. Modifícase o punto 1 do artigo 7. Financiamento, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. As subvencións imputaranse ao capítulo VII do orzamento da Axencia Galega de Innovación ás aplicacións orzamentarias que se indican neste artigo:

Eixe	OE	Beneficiarios	Aplicación	2024	2025	2026	Total
01	11	Grandes empresas	05.A2.561A.770.0 (CP:2023.00004)	3.000.000	8.000.000	4.000.000	15.000.000
01	11	Pemes	05.A2.561A.770.0 (CP:2023.00004)	1.000.000	3.000.000	1.000.000	5.000.000
01	11	Organismos de investigación privados	05.A2.561A.781.0 (CP:2023.00004)	750.000	1.000.000	250.000	2.000.000
01	11	Sistema universitario de Galicia	05.A2.561A.744.0 (CP:2023.00004)	750.000	1.000.000	250.000	2.000.000
Total				5.500.000	13.000.000	5.500.000	24.000.000»

Dous. Modifícase o punto 2 do artigo 35. Xustificación da subvención, que queda redactado nos seguintes termos:

«2. Prazos de execución e de xustificación:

a) Prazos de execución:

Períodos de emisión das facturas (realización de gastos) e realización de pagamentos dos gastos executados:

		Emisión das facturas (realización de gastos) e realización de pagamentos dos gastos executados		
Primeira anualidade	desde	a data de presentación da solicitude	ata	o 30 de setembro de 2024
Segunda anualidade	desde	o 1 de outubro de 2024	ata	o 30 de setembro de 2025
Terceira anualidade	desde	o 1 de outubro de 2025	ata	o 30 de setembro de 2026



b) Prazos de xustificación (presentación da documentación):

	Prazos de xustificación (presentación da documentación)	
Primeira anualidade	ata	o 16 de decembro de 2024
Segunda anualidade	ata	o 15 de decembro de 2025
Terceira anualidade	ata	o 15 de decembro de 2026

En todo caso, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do prazo de execución. Exceptúanse desta regra xeral os gastos cuxos pagamentos se deban efectuar nun momento posterior por se axustaren aos calendarios de recadación, como os ingresos á conta do IRPF ou cotas de seguros sociais liquidables con posterioridade á data de execución. A entidade subvencionada quedará obrigada a presentar os documentos acreditativos do pagamento antes de finalizar o mes en que lle corresponde liquidar eses gastos».

Disposición derradeira única

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2023

Patricia Argerey Vilar
Directora da Axencia Galega de Innovación

CVE-DOG: gurqr9o4-ka44-md00-lyv7-wddtdvcjdqa8

